A segunda finalidade é garantir a consecución dos obxectivos medioambientais definidos pola lexislación e pola planificación hidrolóxica, apoiando así o financiamento dos custos asociados ao investimento, explotación e xestión das infraestruturas hídricas necesarias para manter o ciclo da auga de maneira eficiente e sostible.

Ademais, o artigo tamén prevé que unha parte da recadación se destine ao apoio económico ás administracións que teñen competencias na xestión do ciclo urbano da auga dentro da Comunidade Autónoma de Galicia. Isto inclúe os gastos que as entidades locais ou rexionais poidan ter na mellora das infraestruturas e na xestión do recurso hídrico.

Por último, o artigo tamén permite que os fondos se utilicen para cubrir calquera outro gasto necesario para o cumprimento das funcións que lle corresponden a Augas de Galicia, asegurando que a xestión do recurso hídrico se realice de maneira adecuada e conforme ás necesidades medioambientais e sociais.

No período 2012-2024, Augas de Galicia recadou en Lourenzá 325.380,26 €.

Antes do 2012 non existía como tal o canon da auga. O decreto relativo ao canon publicouse no 2012".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27749
Data envío: 20/06/2025 14:00:07,465

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/06/2025 14:00:07

CSV: BOPGDSPG-cQTeO4zM-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 23617**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don José Ramón Gómez Besteiro, sobre "**a cantidade recadada por Augas de Galicia no concello de Mondariz-Balneario polo cobramento do canon da auga entre 2009 e 2024**", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Tal e como recolle a Lei 9/2010, de Augas de Galicia (artigo 44), os fondos recadados polo canon da auga deben ser destinados a varios programas de gasto con fins específicos.

En primeiro lugar, os recursos deben empregarse na prevención da contaminación das augas e na recuperación e mantemento dos caudais ecolóxicos, esenciais para asegurar a sustentabilidade ambiental dos ecosistemas acuáticos.

A segunda finalidade é garantir a consecución dos obxectivos medioambientais definidos pola lexislación e pola planificación hidrolóxica, apoiando así o financiamento dos custos asociados ao investimento, explotación e xestión das infraestruturas hídricas necesarias para manter o ciclo da auga de maneira eficiente e sostible.

Ademais, o artigo tamén prevé que unha parte da recadación se destine ao apoio económico ás administracións que teñen competencias na xestión do ciclo urbano da auga dentro da Comunidade Autónoma de Galicia. Isto inclúe os gastos que as entidades locais ou rexionais poidan ter na mellora das infraestruturas e na xestión do recurso hídrico.

Por último, o artigo tamén permite que os fondos se utilicen para cubrir calquera outro gasto necesario para o cumprimento das funcións que lle corresponden a Augas de Galicia, asegurando que a xestión do recurso hídrico se realice de maneira adecuada e conforme ás necesidades medioambientais e sociais.

No período 2012-2024, Augas de Galicia recadou en Mondariz Balneario 237.779,11€.

Antes do 2012 non existía como tal o canon da auga. O decreto relativo ao canon publicouse no 2012".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/06/2025 11:23:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2025 11:23:12
Nº Rexistro: 27964
Data envío: 26/06/2025 11:23:12.366

CSV: BOPGDSPG-cQTeO4zM-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25438**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González , sobre **"a situación actual do cabalo de monte e dos seus hábitats e as medidas que prevé desenvolver o Goberno galego en relación coa súa xestión e protección"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático** en colaboración coa **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A obriga de identificar os animais equinos cun transpondedor inxectable establécese no Real Decreto 787/2023, admitíndose como única excepción o crotal electrónico no caso de animais destinados á produción de carne nados en certos tipos de explotacións, nas que se atopan as silvestres ou semisilvestres.

Nesta norma legal para as explotacións silvestres ou semisilvestres establécese especificamente que só se permitirá o uso do crotal electrónico nos equinos nados nelas que se trasladen directamente a matadoiro antes dos 12 meses de idade.

O Decreto 142/2012 establece que o medio de identificación a utilizar no caso dos animais equinos en Galicia é o transpondedor, podéndose empregar o crotal electrónico unicamente no caso dos équidos de abasto, sen especificar as condicións do seu uso en relación ao seu traslado directo ou non ao matadoiro ou á idade máxima dese destino a matadoiro.

Non se entenden polo tanto os termos nos que está formulada esta pregunta, xa que a lectura do Real Decreto 787/2023 é máis restritiva que a do Decreto 142/2012 neste aspecto de idade máxima e envío directo ou non a matadoiro desde a explotación silvestre ou semisilvestre de destino.

Se a pregunta está formulada no sentido de que o Real Decreto 787/2023 permite para estes equinos permanecer sen identificar ata que sexan retirados das explotacións silvestres ou semisilvestres ou sexan capturados para ser destinados a usos domésticos (exención que tamén contempla a normativa da Unión Europea de identificación equina desde o ano 2008 (Regulamento (CE) nº 504/2008 da Comisión, sobre métodos de identificación dos équidos) cómpre recordar que a obriga de identificación deste tipo de animais foi adoptada pola Xunta de Galicia en 2008 co fin de asegurar a existencia dunha titularidade destes animais nos rexistros oficiais de explotacións gandeiras de Galicia, en relación cos posibles prexuízos que estes animais puideran causar a terceiros (accidentes de tráfico ou invasión de fincas particulares fundamentalmente).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Doutra parte, no artigo 16.7 do Real Decreto 787/2023 establécese que as autoridades competentes das Comunidades Autónomas comunicarán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) as áreas ou espazos nas que se atopan localizadas as explotacións clasificadas como silvestres ou semisilvestres. Non obstante, segundo se especifica na disposición transitoria segunda, indícase que non será necesario volver a notificar estas zonas no caso de que xa se notificaran en virtude dos Reais Decretos 1515/2009 e 676/2016, xa derogados, que regulaban o sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina.

No ano 2014, a entón Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural e do Mar, comunicou á Dirección General de Sanidad Animal de la Producción Agraria do MAPA as zonas nas que se atopan as explotacións silvestres ou semisilvestres, polo que, en virtude do exposto, non é necesario volvelas a notificar.

Por último, actualmente, os propietarios de cabalos de monte afectados polos ataques do lobo xa están sendo beneficiarios das indemnizacións correspondentes no marco das ordes de axudas anuais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, nunha contía ademais superior con respecto aos propietarios doutro tipo de cabalos.

Así, o baremo utilizado para o pagamento de axudas polos ataques do lobo establece contías superiores a percibir para os propietarios destes animais, que oscilan entre un 16% e un 24% (segundo clase e idade dos animais), podendo chegar a supoñer nalgúns casos un incremento de case un 32%.

Por outra banda, na convocatoria correspondente a 2024, do total de danos de equino en extensivo para as que se solicitaron axudas, o 86,7% foron avaliados favorablemente (sendo aboada a correspondente indemnización).".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/06/2025 14:13:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27771
Data envío: 20/06/2025 14:13:25.865

CSV: BOPGDSPG-cQTeOu4zM-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25737**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante a Estratexia estatal para a igualdade de trato e non discriminación das persoas LGTBI+ 2025-2028 e a política que prevé desenvolver nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia fixo aportacións á Estratexia estatal para a igualdade de trato e non discriminación das persoas LGTBI+ 2025-2028 e estivo presente en todas as reunións convocadas a este respecto nos últimos meses. A postura de Galicia sempre foi a mesma:

- Agradecemento a todas as entidades e institucións involucradas na súa elaboración, xa que este esta estratexia supón un novo avance para as persoas LGTBI.
- Moitas das medidas establecidas nesta estratexia son competencia das comunidades autónomas e, de feito, moitas delas xa están en marcha en Galicia desde hai anos.
- Solicitar fondos ao Goberno central para que as comunidades autónomas poidamos desenvolver todas as medidas da nosa competencia que establecen dita estratexia.

O Ministerio de Igualdade, tanto na Comisión como na Conferencia Sectorial de Igualdade, afirmou que "nesta materia non haberá cooperación institucional". Por iso, ante o desacordo con esta decisión, máis aínda cando acaban recortarlle a Galicia 2,3 millóns de euros en fondos de igualdade do Plan Corresponsables, pero estando de acordo con seguir avanzando nos dereitos das persoas LGTBI, Galicia abstívose na Conferencia Sectorial de Igualdade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 14:33:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27903
Data envío: 25/06/2025 14:33:31.238

CSV: BOPGDSPG-cQTeO4zM-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25887**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos, sobre **"o cambio de criterio do Goberno galego en relación coa dotación do concello de Teo dun centro de día e as actuacións levadas a cabo ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O concello de Teo promove a construción dun centro de día de titularidade municipal, e solicitou inicialmente a colaboración económica da Xunta de Galicia para a adquisición do inmovible no que pretende situar ese equipamento.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, colaborou a través dun convenio co concello para financiar esa adquisición.

A partir dese momento, correspóndelle ao Concello de Teo, en desenvolvemento do principio de autonomía local, redactar e tramitar o proxecto de acondicionamento dese inmovible adquirido para adaptalo como centro de día, solicitando as autorizacións sectoriais correspondentes, e para o cal a Xunta de Galicia prestará a colaboración técnica e no seu caso económica que corresponda.

Por outro lado, ningún dos anteriores gobernos municipais de Teo promoveron a construción dun centro de día de titularidade municipal, tal e como si fixo agora o actual goberno local.

De feito, ao plan de investimentos con fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, que a Xunta da Galicia puxo a disposición dos concellos galegos en marzo de 2022 para a construción de centros sociais públicos municipais, o concello de Teo presentou en abril de 2022 unha única proposta consistente na construción dun centro social, e non dun centro de día."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 14:33:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27902
Data envío: 25/06/2025 14:33:25.329

CSV: BOPGDSPG-cQTeOu4zM-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25917**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé, sobre **"o estado dos espazos de Rede Natura do concello de Cangas por mor da propagación de especies invasoras e as medidas de control e conservación que prevé desenvolver neles o Goberno galego"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta leva realizando diferentes actuacións ao respecto da eliminación de especies invasoras en Cangas e, por suposto, traballa en coordinación co resto de administracións competentes nesta materia.

Así, no 2016, o entón Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra, elaborou unha proposta de "Restauración de hábitats prioritarios mediante eliminación de flora exótica invasora e piñeiros nas ZECs Ons-O Grove e Costa da Vela" (PO-A-0012-16), ante a necesidade de realizar traballos de eliminación de especies invasoras (*ailanthus altissima*, *acacia* spp...), así como piñeiros de repoboación (*pinus pinaster* e *pinus pinea*) para evitar a degradación do hábitat prioritario 2130* dunas costeiras fixas con vexetación herbácea.

Na praia de Nerga traballouse no extremo oeste da praia na eliminación de *acacia longifolia* principalmente.

Actualmente, están executándose traballos de conservación e mellora dos ecosistemas mariños e as súas contornas na costa de Galicia con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) financiado pola Unión Europea-NextGenerationEu.

Na ZEC Costa da Vela realízanse actuacións de restauración nos sistemas dunares de Melide, Barra e Nerga, incluídos na zonificación do plan de conservación da pílara das dunas (*charadrius alexandrinus*) e outras aves de comportamento mariño.

Ademais, a Xunta mantivo o pasado 20 de maio unha xuntanza coa alcaldesa e concelleiro de Medio Ambiente de Cangas, na que se informou sobre a importancia de que as actuacións que se fagan no Complexo Dunar de Nerga-Viñó-Barra ou noutros espazos dentro do límite marítimo terrestre en Cangas, para eliminar as especies invasoras deben estar debidamente planificadas, a longo prazo, e coas autorizacións necesarias, para evitar intervencións que poidan ser contraproducentes.

Neste sentido, manifestóuselles a disposición do Servizo de Patrimonio Natural para asesoralos, en base á experiencia na eliminación de exóticas invasoras que se leva a cabo dende hai anos no Baixo Miño. Infórmaselles tamén da existencia das axudas

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



dispoñibles para actuar en Rede Natura, que deberían tramitarse a través da comunidade de montes, propietaria de parte dos terreos.

Na mesma reunión acordouse unha visita a campo para valorar sobre o terreo a situación. Esta visita fíxose xa o 27 de maio pasado, na que o Servizo de Patrimonio Natural asesorou sobre as pautas a seguir para abordar esta situación (priorizar zonas, empezar por eliminar pés con maior capacidade de diseminación de semente...), ao tempo que se falou dos distintos métodos de eliminación existentes.

En todo caso, a introdución no territorio nacional, distribución e liberación de organismos de control biolóxico exóticos require autorización previa do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, tal e como establece o artigo 44 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

Con respecto ás acacias, tense constancia da existencia dun proxecto de Costas do Estado dirixido á eliminación de acacia na ZEC Costa da Vela, aínda que, ata a data, a Xunta non dispón de máis información ao respecto.

En definitiva, a experiencia acumulada da Xunta nos últimos anos no control e eliminación de especies exóticas invasoras indica que os traballos deben planificarse a longo prazo, con metodoloxías axeitadas e en superficies ben definidas. É importante, polo tanto, reunir esforzos entre propietarios privados e administracións públicas para que as actuacións encamiñadas ao control destas especies sexan efectivas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/06/2025 14:18:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27849
Data envío: 24/06/2025 14:18:10.732

CSV: BOPGDSPG-cQTeOu4zM-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26004**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Paloma Castro Rey e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre "**a integración da perspectiva de xénero no desenvolvemento dos orzamentos, a información sobre o seu impacto na igualdade de xénero e a participación das organizacións feministas no proceso orzamentario**", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia recollen unha visión transversal das políticas de gasto con perspectiva de xénero aplicando unha reestruturación de ingresos e gastos coa finalidade de promover a igualdade de xénero entre mulleres e homes.

Cómpre sinalar que dentro dos obxectivos da Axenda 2030, a Igualdade de xénero constitúe un ODS (obxectivo de desenvolvemento sostible) específico, o ODS 5, que ademais é transversal aos demais ODS, posto que as desigualdades de xénero se manifestan en todas e cada unha das dimensións do desenvolvemento sustentable.

A Dirección Xeral da Promoción da Igualdade, en colaboración coa Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento autonómico e do Instituto Galego de Estatística (IGE), elabora un informe que permita coñecer a situación diferencial de mulleres e homes en relación cos distintos ámbitos prioritarios de intervención e a análise do impacto de xénero dos diferentes programas de gasto.

O VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 aprobado polo Goberno galego, recolle entre as prioridades de actuación consolidar a transversalidade de xénero nos orzamentos.

Por todo isto, trabállase co obxectivo de incorporar, de xeito transversal, a igualdade de xénero nas fases de elaboración, execución e liquidación do orzamento, creando unha cultura de elaboración orzamentaria na que, de xeito paulatino, cada centro xestor sexa consciente da pertinencia de xénero e do potencial efecto dos seus programas de gasto na consecución da igualdade entre mulleres e homes.

Cada centro xestor realiza unha análise de contexto e un diagnóstico xeral de partida sobre a situación da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nos ámbitos de intervención máis relevantes (tanto dende o punto de vista social como orzamentario) dos distintos programas de gasto que aparecen no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 14:33:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27901
Data envío: 25/06/2025 14:33:19.115

CSV: BOPGDSPG-cQTeO4zM-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26022**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"as necesidades na escolarización infantil de 0 a 3 anos no Baixo Miño e as previsións do Goberno galego en canto ao incremento de prazas para o curso 2025-2026 na súa rede de escolas infantís nesta comarca"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A educación infantil de 0 a 3 anos é unha etapa fundamental no desenvolvemento integral dos nosos nenos e nenas. Por iso, investir nesta etapa é apostar por unha sociedade máis xusta, equitativa e preparada para o futuro. E, precisamente por iso, Galicia fixo da gratuidade educativa no primeiro ciclo de infantil un compromiso real.

Catro anos despois do comezo do programa de gratuidade en escolas infantís impulsado pola Xunta de Galicia, a realidade é que Galicia conta cunha das mellores redes de escolas infantís 0-3 de España: a realidade é que temos 32.000 prazas no primeiro ciclo de educación infantil, unha etapa voluntaria e na que as familias aforran case 3.000 euros ao ano.

E catro anos despois a realidade é que ningunha zona de España ten un programa de gratuidade coma o galego. E isto é posible grazas a que cada ano a Xunta inviste 65 millóns de euros de fondos propios. Un esforzo que se asume en solitario, xa que a día de hoxe a contribución do Goberno central, pese a promesas electorais e anuncios, ascende a un total de 0 euros.

No caso da comarca do Baixo Miño, neste curso a Xunta de Galicia destina máis de 2,2 millóns de euros ao financiamento das preto de 530 prazas 0-3 que se ofertan nos municipios que conforman esta área.

Os datos oficiais do Goberno de España ratifican o impacto positivo desta medida, e desmenten que as familias galegas non poden acceder a unha praza 0-3 gratuíta. Ao contrario, as cifras deixan claro que Galicia é líder absoluta en escolarización no primeiro ciclo de Educación Infantil, coa maior taxa neta de escolaridade na etapa 0-3, moi por riba da media española e das ratios recomendadas. Galicia supera en case 13 puntos a media española e cumpre sobradamente os obxectivos que marca a UE para 2030

Respecto dos fondos europeos, Galicia si os está a executar e puxéronse a disposición dos concellos -dando resposta a unha demanda dos propios concellos-, coa previsión de crear 1.000 novas prazas públicas. Ningún concello da comarca do Baixo Miño ten solicitado estes fondos."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 14:45:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27904
Data envío: 25/06/2025 14:45:47,292

CSV: BOPGDSPG-cQTeOu4zM-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26045**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia no ámbito do apoio ás coidadoras e aos coidadores informais de persoas dependentes"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Detrás dunha persoa con dependencia hai unha rede familiar que, en moitas ocasións, tamén asume boa parte dos coidados.

Por iso, a Xunta de Galicia apoia ás familias con persoas en situación de dependencia ou discapacidade a través do Programa respiro familiar para persoas coidadoras.

Este programa conta con tres modalidades de respiro e que son , a modalidade de respiro no fogar, a de respiro en centro de día e a de respiro en centro residencial. A contía das axudas por persoa beneficiaria son dun máximo de 1.500 euros ao ano para contribuír ao pago dunha estadía temporal en calquera residencia da comunidade. Ou dun máximo de 1.000 euros ao ano, para as modalidades de respiro en centro de día e de respiro no fogar.

Con este programa preténdese continuar co avance na mellora da conciliación das familias galegas e seguir fomentando novas actividades, coa finalidade de que dispoñan dun abano amplo de posibilidades que dean resposta aos supostos de necesidades puntuais.

A Xunta de Galicia destina este ano a este programa máis de 1,1M€.

Por outro lado, é importante destacar que neste 2025 a Xunta de Galicia dedica máis de 700 M€ para atención á dependencia, un 11% mais que o ano anterior e case catro veces máis que no 2009-

Pola súa parte, o Goberno central segue moi lonxe de cumprir co establecido na lei de dependencia que lle obriga a achegar o 50% do financiamento dos servizos. En lugar de incrementar as achegas o que fai é reducir o financiamento a Galicia, se no ano 2023 aportaba o 40% do custo da dependencia, no 2024 diminuíu ata o 34,9%.

A todo isto hai que sumarlle que o Goberno central non ten en conta as particularidades do noso territorio para o reparto dos fondos, e tampouco achega o financiamento mínimo que a propia Administración Xeral do Estado establece.

E isto se traduce en máis de 2.500 M€ que deixamos de recibir polo incumprimento na Lei de Dependencia por parte do Executivo central. Se o Goberno Central non cumpre, non se poden poñer en marcha máis servizos de atención domiciliaria, máis prazas de residencia e de centro de día e máis axudas económicas."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 15:06:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27905
Data envío: 25/06/2025 15:06:06.676

CSV: BOPGDSPG-cQTeO4zM-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26052**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Silvia Longueira Castro e don Carlos López Font, sobre **"o acontecido no procedemento para dedicar no Porriño unha vivenda ás mulleres vítimas de violencia machista que ao mesmo tempo sofren problemas psiquiátricos ou de adiccións e as perspectivas do Goberno galego ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia ten un sólido compromiso coa erradicación da violencia de xénero. Por iso traballamos para aumentar as medidas e recursos dirixidos a proporcionar un tratamento integral e personalizado ás vítimas.

Entre esas medidas destaca a posta en marcha do primeiro Centro de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adicción que crearemos en Galicia.

O obxectivo deste centro é axudar ás vítimas a que recuperen a autonomía persoal e que poidan saír do círculo da violencia, garantíndolles a elas e ás súas fillas e fillos un espazo de protección e de recuperación.

Hai que ter en conta que os fondos MMR para a construción destes centros non tiñan un cronograma claro e ademais contaron con varias prórrogas. A última concedeuse o día 23 de decembro, e sen previo aviso, posiblemente porque outras comunidades autónomas tiñan recursos pendentes para executar con estes fondos, fundamentalmente para a posta en marcha dos centros de crise.

Neste respecto, podemos dicir que existiu unha falta de previsión e planificación, e sobre todo, certa descoordinación por parte do Executivo Central.

Sen prexuízo disto, consideramos que é preciso a creación deste centro para vítimas de violencia de xénero con adiccións, e a Xunta de Galicia utilizará os recursos que sexan necesarios para que sexa unha realidade o antes posible."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/06/2025 16:55:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 16:55:12
Nº Rexistro: 27854
Data envío: 24/06/2025 16:55:12.747

CSV: BOPGDSPG-cQTeOu4zM-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26082**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a creación das 24 novas residencias de maiores anunciadas polo presidente da Xunta de Galicia no debate de política xeral de 2025"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia vai levar a cabo durante esta lexislatura o plan de construción de novas residencias de maiores máis ambicioso da historia da nosa Comunidade.

En colaboración co sector, o Executivo autonómico prevé construír 24 centros que habilitarán 1.800 novas prazas de atención aos maiores en concellos de menos de 50.000 habitantes o que permitirán achegar este servizo a localidades que ata o momento non dispoñían deles.

Este ambicioso plan permitirá incrementar nun 15% as prazas públicas actuais, crear un milleiro de postos de traballo no sector sociosanitario e ampliar a cobertura residencial a moitas localidades que neste momento non contan cun centro deste tipo.

Non debemos esquecer os avances na mellora da atención nos centros residenciais que supón o novo modelo de coidados implantado na rede autonómica. Galicia foi pioneira no desenvolvemento dun sistema de coidados que ten como piares fundamentais a atención personalizada, a mellora dos equipamentos, o uso das novas tecnoloxías e a formación continua dos profesionais.

A finalidade é que os maiores que se aloxan en residencias se sintan como nos seus fogares e dispoñan dos mellores medios e sistemas para ter unha atención da máxima calidade.

Por outro lado, Galicia conta hoxe con máis de 16.000 prazas públicas residenciais, tres veces máis que en 2009 e continuaremos incrementando esta oferta de maneira progresiva.

O noso obxectivo non é limitar a unha soa as opcións para envellecer. Así, nos últimos anos reforzamos os servizos de proximidade e os coidados nos domicilios para os que queren envellecer nas súas casas e ao carón dos seus, que é a opción preferida. Por iso, seguiremos apostando por iniciativas pioneiras como o Bono Coidado no Fogar ou as Casas do Maior."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/06/2025 16:55:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 16:55:05
Nº Rexistro: 27853
Data envío: 24/06/2025 16:55:05.413

CSV: BOPGDSPG-cQTeOu4zM-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26148**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"as medidas de impulso demográfico do Goberno galego para os vindeiros tres anos de lexislatura"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a afrontar o reto demográfico cunha folla de ruta que marca os obxectivos prioritarios e as liñas de actuación nesta materia a medio e longo prazo. Esa folla de ruta é a Lei 5/2021, de Impulso Demográfico de Galicia, que foi a primeira lei en España que abordou de forma integral o problema demográfico que afecta ás sociedades occidentais, e fonte de inspiración doutras lexislacións autonómicas posteriores que puideron afondar en conceptos non definidos de forma directa na nosa norma.

En canto as medidas a adoptar e reforzar, a Lei de Impulso Demográfico de Galicia aborda de xeito transversal o reto demográfico e marca uns criterios de actuacións para afrontar o descenso poboacional que viña rexistrando Galicia antes da aprobación da Lei.

Estas medidas inclúen actuacións concretas en ámbitos como a conciliación, o envellecemento, o mercado laboral, o apoio ás familias, o ensino, a sanidade pública ou o fomento do retorno. E neste ámbito, os últimos indicadores de poboación publicados polo organismos estatísticos oficiais ratifican non só que Galicia deixou de perder habitantes, senón unha tendencia á alza nas catro provincias galegas grazas á capacidade de atracción de milleiros de persoas que deciden formar un proxecto vital na comunidade autónoma. Isto evidénciase nos saldos migratorios positivos que vén contabilizando Galicia nos últimos anos, e que demostran que cada ano entran no territorio galego moitas máis persoas das que marchan."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27851
Data envío: 24/06/2025 14:19:42.928

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/06/2025 14:19:42

CSV: BOPGDSPG-cQTeO4zM-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

